

## **NIVEL II**

### **MÓDULO 1**

#### **UNIDADE 1: SOMOS SERES VIVOS**

Semana 1: Alimentámonos.....	Páxinas 3 a 19
Semana 2: A vida sexual.....	Páxinas 21 a 44
Semana 3: Os seres vivos.....	Páxinas 45 a 69
Revisión da unidade:.....	Páxinas 70 a 86

**GRUPO DE TRABAJO:**

María Eugenia Freire Bazarra

María Esther Martínez Rivas

Francisco Javier Remuiñán Iglesias

## UNIDADE 1

### SEMANA 1: ALIMENTÁMONOS

informe nutrición

## Como evitar a obesidade infantil

A maioría dos cativos comen moito e mal, e, como no fan exercicio, engordan. No noso país, o 16 % dos menores de dez anos ten obesidade.

**Opinión do experto**  
"Cómpre manter a comida caseira"

## POR QUE COMEMOS?

Alimentarse é unha necesidade fundamental de todos os seres vivos. Temos que comer e beber para conseguirmos a enerxía necesaria para respirar, para traballar, para movernos... Para vivir.

Pero comer non é só unha necesidade: tamén é un pracer. Gozamos saboreando os pratos que nos gustan. Pasámolo ben cando estamos sentados á mesa cos familiares e cos amigos.

Pero na nosa sociedade moitas persoas teñen problemas coa alimentación: ou comen máis do que necesitan ou non seguen unha dieta saudable. Isto pode provocar obesidade e hipertensión.

## FALAMOS

A que problema se refiren os titulares da prensa que reproducimos?

Por que hoxe en día hai máis cativos obesos que hai vinte anos? É só polo que comen?

Por que temos que comer?

No noso país moitas persoas teñen problemas co seu peso. Por que?

Que problemas hai coa alimentación nos países máis pobres?

**DA PRENSA** (Revista *Mía*, marzo de 2005)

“A maioría dos nenos comen moito e mal e, como non fan exercicio, engordan. No noso país, o 16 % dos menores de dez anos ten obesidade”

## LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Volva ler o texto inicial “Por que comemos?” e elixa despois o significado máis axeitado da palabra **dieta**:

- Réxime de comidas que se debe gardar por unha doenza.
- Alimentación habitual que segue unha persoa.
- Cartos que se lle dan a unha persoa para gastos de viaxe.

2. Una cada palabra co seu significado:

	<input type="text" value="Delgadeza"/>
Obesidade	<input type="text" value="Sobrepeso"/>
Exercicio	<input type="text" value="Problema"/>
	<input type="text" value="Movemento"/>

3. Complete, segundo a lectura, estas frases:

- Alimentarse é unha \_\_\_\_\_ fundamental de todos os seres vivos.
- Temos que \_\_\_\_\_ para conseguirmos a enerxía necesaria para vivir.

4. Lea agora o recorte de prensa da revista *Mía*. Complete despois estas frases:

- Como moitos cativos fan pouco \_\_\_\_\_, engordan.
- A maioría dos nenos \_\_\_\_\_ moito e \_\_\_\_\_.

5. Cal destes significados se corresponde mellor coa palabra **exercicio**?

- Prácticas militares de adestramento.
- Tarefas dos alumnos en clase.
- Movementos corporais que se fan ao xogar ou ao adestrarse.

6. Que quere dicir esta frase?

“O 16 % dos menores de dez anos ten obesidade”

- Que de cada douscentos nenos desa idade, 16 son obesos.
- Que de cada cen nenos desa idade, 16 son obesos.

## ADIVIÑAS SOBRE ALIMENTOS

Branca son  
e, como di a miña veciña,  
útil sempre son  
na cociña.

Que alimento ese será  
que adoitan levar nun cesto  
e din que está máis fresco  
canto máis quente está?

7. Escriba aquí a solución a estas adiviñas:

---

---

## A ORDE ALFABÉTICA

As letras coas que escribimos son as vogais e as consonantes.

As vogais son: a e i o u

*a e i o u*

As consoantes son: b c d f g h l m n ñ p q r s t v  
x z

*b c d f g h l m n ñ p q r s t v x z*

O *j*, o *k*, o *w* e o *y* non son letras galegas e usámolas para escribirmos palabras de orixe estranxeira.

Cando as dicimos, facémolo normalmente nesta orde:

a b c d e f g

h i l m n ñ o

p q r s t u v

x z

Esta orde serve despois para procurarmos palabras nun dicionario, para atoparmos nomes nunha guía telefónica, etc.



1. Imos aprender a orde das sete primeiras letras:

a b c d e f g

A B C D E F G

*a b c d e f g*

*A B C D E F G*

2. Complete as letras que faltan:

a \_\_\_\_ c \_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ g \_\_\_\_

\_\_\_\_ b \_\_\_\_ d \_\_\_\_\_ f \_\_\_\_\_

3. Escriba agora as sete letras en orde alfabética.

\_\_\_\_\_

4. Estas palabras están ordenadas por orde alfabética:

**alimento**

**bebida**

**comida**

**dieta**

esforzo

fabada

garavanzos

5. Escriba cada unha delas nun anaco de papel.  
Desordéneas e vólvaas ordenar por orde alfabética.

6. Complete a listaxe:

alimento

\_\_\_\_\_

comida

dieta

\_\_\_\_\_

fabada

\_\_\_\_\_

7. Escriba agora esas sete palabras en orde alfabética.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

8. Ordene agora estas palabras novas:

*ensalada, ameixas, friame, botella, dátil, cazola, galleta.*

9. Estas palabras empezan todas por **a**. Que tivemos en conta para as ordenar?

**a**bella

acaba

**a**derezo

aéreo

**a**fección

**a**gosto

### **UNHA DIETA SAUDABLE**

Para estarmos saudables debemos:

- Tomar comida variada, nin pouca nin demasiada.
- Comer todos os días froitas e verdura.
- Evitar excesos de graxas.
- Tomar pouco azucre e poucos doces.
- Comer devagar e beber auga entre comidas.

## FALAMOS

- Que alimentos comemos con máis frecuencia?
- Cre que tomamos unha dieta equilibrada?
- Que lle falta e que lle sobra á nosa dieta?
- Dedicamos suficiente tempo a comer?

## ESCRIBIMOS

1. Complete esta frase da lectura:

Comer \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ entre comidas.

2. Que debemos comer todos os días?

\_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_

3. Fíxese na lectura e escriba:

Unha palabra que empece por a: \_\_\_\_\_

Unha palabra que empece por b: \_\_\_\_\_

Unha que empece por c : \_\_\_\_\_

Unha que empece por d : \_\_\_\_\_

Unha que empece por e : \_\_\_\_\_

Unha que empece por f : \_\_\_\_\_

Unha que empece por g : \_\_\_\_\_

4. Escriba agora esas palabras en orde alfabética:

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Os especialistas din que debemos tomar máis legumes na nosa dieta.

## **RECEITA DE LENTELLAS PARA CATRO PERSOAS**

Ingredientes:

- Unha cabeza de allo.
- Unha cebola.
- Un anaco de polo ou de carne de tenreira ou de porco.
- Un anaco de chourizo.
- Sal.
- Aceite.

Déixanse as lentellas a remollo a noite anterior. Bótanse nunha cazola con auga e póñense a cocer. Cando rompan a ferver, engádense os demais ingredientes e déixase cocer a lume lento unhas dúas horas.

## TRABALLAMOS COS NÚMEROS

1. Complete os números dos días do mes de novembro do ano 2005.

NOVEMBRO 2005						
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
	1					6
			10			
		30				

2. Escriba agora os días que son domingo nese mes:

6 - \_\_\_\_ - \_\_\_\_ - \_\_\_\_

3. Agora os que son martes:

1- \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_

4. Unha semana ten sete días. Se o día 2 é mércores, cal será o seguinte mércores?

$$\underline{\hspace{2cm}} + 7 = \underline{\hspace{2cm}}$$

5. Escriba os números pares deste mes:

2 - 4 - 6 - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ -  
\_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_

6. Agora escriba os números impares:

1 - 3 - 5 - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ -  
\_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_

7. O médico dille a unha paciente que debe tomar legumes cada cinco días. Se toma lentillas o día 5 de novembro, que outros días terá que cociñar legumes?

5- \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_

8. Observe os preços deste supermercado:



2 euros



3 euros



12 euros

Vostede desexa comprar un quilo de tomates, unha botella de aceite de oliva e unha caixa de deterxente. Canto lle custa?

a) Realíceo mentalmente.

b) Coloque os números da suma horizontalmente:

$$2 + \underline{\quad\quad} + \underline{\quad\quad} = \underline{\quad\quad} \text{ euros}$$

c) Coloque os números verticalmente:

$$\begin{array}{r} \text{-----} \\ \text{-----} + \\ \text{-----} \\ \hline \text{-----} \end{array}$$



d) Se entrega para pagar esa compra un billete de 20 euros, canto lle devolven? Devolveranlle algún billete?

e) Como lle poden devolver o cambio?

- Unha moeda de \_\_\_\_\_ euros e unha moeda de \_\_\_\_ euro.
- Tres moedas de \_\_\_\_\_ euro.
- Unha moeda de dous euros e dúas moedas de \_\_\_\_\_ céntimos.

As **porcentaxes** serven para coñecer como se distribúe algunha cousa ou a súa composición. Exprésanse en **tantos por cen (%)**. Por exemplo:

- “Un xersei ten unha composición de 70% de la e 30% acrílico”. Isto significa que de cada 100 partes do xersei, 70 son de la e 30 son acrílicas.

- Se nunha clase hai igual número de cativos que de cativas, entón a distribución da clase é 50% de cativos e 50 % de cativas. Xa que logo, de cada 100 persoas, 50 son dun sexo e 50 son do outro.

## LEMOS IMAXES

Nos edificios, na rúa, nos aparellos que usamos na casa, temos que ler e comprender constantemente imaxes.

Por exemplo, se queremos cruzar unha rúa, facémolo cando o semáforo se pon verde; se queremos subir en ascensor ao piso terceiro, prememos a tecla co número 3, etc.

Ás veces, atopámonos con estas imaxes:



Que significa cada unha delas?

Os sinais redondos con cor vermella indican normalmente prohibición (“prohibido prender lume”, “prohibido pasar”, etc.). Os sinais cadrados son normalmente informativos (“aquí hai unha manga para apagar lume”, etc.).

Estes carteis que se amosan deseguido pertencen a unha campaña informativa sobre a SIDA:





## SEMANA 2: A VIDA SEXUAL

### NON É O MESMO

A sexualidade humana vai moito máis aló das relacións sexuais.

Está presente en todos os momentos da nosa vida: nos nosos actos e pensamentos, nas nosas relacións, nos nosos sentimentos, etc., e condiciona a nosa personalidade e a nosa saúde física, mental e emocional.

Cada persoa vive a súa sexualidade segundo a súa idade, o seu sexo, as súas experiencias, a súa cultura e relixión, etc.

Nas relacións sexuais compártese contacto físico, pracer, afecto e intimidade.

Cando se realizan entre persoas de diferente sexo chámanse relacións *heterosexuais*.

Cando son entre persoas do mesmo sexo chámanse *homosexuais*.

Calquera persoa ten dereito a vivir a súa sexualidade libremente, sen que por iso deba ser censurada nin marxinada.

## FALAMOS

Fálase hoxe con naturalidade do tema sexual?

Pensa que a única finalidade do sexo é ter fillos?

Hai diferenza entre sexualidade e relacións sexuais?

Que pensa da homosexualidade?

## LEEMOS Y ESCRIBIMOS

1. Volva á lectura e complete estas frases:

- Cada persoa vive a súa sexualidade segundo sexa a súa idade, o seu sexo,

....., etc.

- Nas relacións sexuais compártese contacto físico, pracer,

....., etc.

- Calquera persoa ten dereito a vivir a súa sexualidade libremente sen que por iso deba

.....

2. Relacione:

**homosexualidade**                      **persoas de diferente sexo**

**heterosexualidade**                      **persoas do mesmo sexo**

3. Marque cunha cruz a resposta correcta:

Que quere dicir que o sexo condiciona a nosa personalidade?

- Que vai influír sobre o noso xeito de ser.
- Que vai ser negativo para nós.

## **A ORDE ALFABÉTICA**

Lembre que vimos a orde das sete primeiras letras:

**a - b - c - d - e - f - g**

Seguimos avanzando:

**H      I      L      M      N**

*h      i      l      m      n*

*H      I      L      M      N*

1. Complete as letras que faltan:

h \_\_\_\_ l \_\_\_\_ n  
\_\_\_\_ i \_\_\_\_ m \_\_\_\_

2. Escriba agora as cinco letras en maiúscula:

\_\_\_\_ \_ \_ \_ \_

3. Lembre que o *j* (iota) e o *k* (ka) se usan en palabras prestadas doutras linguas. Complete:

afecto	e.....	intimidade
b.....	f.....	k.....
c.....	g.....	l.....
d.....	humano	m.....
n.....		

4. Coloque por orde de antigüidade estas matrículas de coches:

C 3241 B	
C 0462 N	
C 8211 L	
C 6260 H	
C 7471 F	



## LEMBRAMOS

Non é o mesmo!

tra tre tri tro tru

tar ter tir tor tur

1. Complete coas sílabas dos recadros:

\_\_\_\_ballo

ca\_\_\_\_ce

\_\_\_\_seiro

es\_\_\_\_la

\_\_\_\_tilla

en\_\_\_\_da

\_\_\_\_ceiro

a\_\_\_\_decer

\_\_\_\_sillo

ras\_\_\_\_llo

2. Conteste:

Como se chama?

- O número que vai despois do doce.

\_\_\_\_\_

- O medio de transporte que vai pola vía.

\_\_\_\_\_

- Un período de tres meses.

\_\_\_\_\_

- O contrario de ancho.
- 

- A persoa que prepara os xogadores.
- 

## UN RISCO PARA TODOS

As doenzas que se poden transmitir por contacto sexual son moi contaxiosas.


Algunhas das máis perigosas, como a **sífilis** e a **gonorrea**, controláronse desde a aparición da penicilina. Na actualidade pódense curar e, se reciben o tratamento axeitado, case non aparece a infección.

A partir dos anos 60 do século XX, o virus da **SIDA** ameaza a vida de millóns de persoas. É unha doenza que destrúe o sistema de defensa do organismo e que, polo de agora, non ten curación.

Contáxiase só por contacto directo do noso sangue con sangue contaminado, ou por contacto sexual.

Outras infeccións tamén comúns, pero menos perigosas, son as producidas por **fungos** e por **tricomonas**.

Calquera persoa sexualmente activa corre o risco de se contaxiar dunha destas doenzas.



## PREGUNTAS DE COMPRENSIÓN

1. Que doenzas de transmisión sexual coñece?

---

2. Que doenzas conseguiu controlar a penicilina?

---

3. Como actúa a doenza da SIDA no noso organismo?

---

4. De que xeito se contaxia a SIDA?

---

5. Que outras infeccións comúns existen?

---

6. Que persoas corren o risco de se contaxiar?

---

7. Nesta sopa de letras aparecen os nomes de cinco doenzas de transmisión sexual. Búsqueas:

J	L	O	S	I	D	A	E	M	S
Y	G	Q	E	K	I	G	P	V	I
V	O	S	C	A	T	N	U	D	F
B	N	I	H	O	N	G	O	S	I
A	O	S	T	A	H	O	P	T	L
K	R	I	B	V	E	N	I	B	I
T	R	I	C	O	M	O	N	A	S
R	E	U	V	D	M	R	T	G	N
M	A	E	K	G	B	O	F	N	I

## ORTOGRAFÍA

Onte pasei toda a tarde na cama por-  
que non me sentía ben. Estiven to-  
do o rato mirando unha película de  
Marilyn Monroe que puxeron pola tele.  
Xa a vira, pero gustoume moito lembra-  
la. Paseino moi ben.

guión

guión

guión

Pomos guión ( - ) ao final da liña para partir unha palabra que continúa na seguinte.

- As palabras só se poden partir por onde acaba unha das súas sílabas.
- Nunca se deben separar as letras que pertencen á mesma sílaba.

Observe como a palabra chuvioso, cando vai ao final dunha liña, pode dividirse de varios xeitos:

chu-  
vioso  
*ben*

chuvio-  
so  
*ben*

~~chuvi-  
oso  
*mal*~~

1. Divida as seguintes palabras de todas as formas posibles:

*traballo, carro, estupendo, ramallete*

*traballo* \_\_\_\_\_

*carro* \_\_\_\_\_

*estupendo* \_\_\_\_\_

*ramallete* \_\_\_\_\_

⇒ Atención: ao partir unha palabra, fíxese en que as vogais non queden separadas.

2. Divida agora as palabras seguintes:

- guitarra \_\_\_\_\_
- italiano \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- figueira \_\_\_\_\_



**PREVIR... MELLOR!**

As relacións sexuais son só un aspecto máis das nosas relacións cos demais. Cada persoa debe decidir responsablemente cando e como mantelas, analizando e evitando as posibles consecuencias, como embarazos non desexados e doenzas de transmisión sexual.

Os anticonceptivos orais e o dispositivo intrauterino (DIU) son algúns dos métodos que poden evitar o embarazo.

Para preservar de riscos a nosa saúde sexual debemos procurar:

- Ter unha hixiene persoal moi coidadosa.
- Realizar revisións médicas, polo menos unha vez por ano.

- Usar preservativos en calquera contacto sexual con persoas das que non saibamos se poden ter ou non doenzas de transmisión sexual.

## FALAMOS

Que significa “decidir responsablemente”?

Que é a pílula?

Para que serve o DIU?

Cómpre unha educación sexual?

1. Observe o debuxo. Fíxese ben en todo o que hai nel.



Agora complete:

Neste debuxo vexo

.....

A tendeira

.....

Nos andeis

.....

- Escribimos tres oracións; ao final de cada unha pomos un punto.

POMOS PUNTO ( . ) AO FINAL DE CADA ORACIÓN.  
DESPOIS DE PUNTO ESCRIBIMOS LETRA MAIÚSCULA.



## TRABALLAMOS COS NÚMEROS

Na seguinte táboa cítanse algúns métodos anticonceptivos e indícase a súa eficacia:

<b>Interrupción do coito</b>	<b>Condón ou preservativo</b>	<b>DIU</b>	<b>Pílula</b>
75 %	90 %	95 %	98 %

1. Ordene de maior a menor as porcentaxes.
2. Agora escriba un número maior e outro menor en cada caso.

<b>Menor</b>	<b>Número</b>	<b>Maior</b>
	75	
	90	
	95	
	98	

3. Escriba as palavras “maior”, “menor” ou “igual”, segundo corresponda.

98 é \_\_\_\_\_ que 90

75 é \_\_\_\_\_ que 95

95 é \_\_\_\_\_ que 98

90 é \_\_\_\_\_ que 75

90 é \_\_\_\_\_ que 95

O símbolo  $>$  significa “maior que” e  
O símbolo  $<$  significa “menor que”.

4. Escriba o signo “ $>$ ” ou “ $<$ ” segundo corresponda nos casos do exercício anterior.

- Unha **decena** está formada por dez unidades.
- En vinte unidades (**20**) hai **dúas** decenas.
- En trinta (**30**) hai **tres** decenas.
- En corenta (**40**) hai **catro** decenas.
- En cincuenta (**50**) hai **cinco** decenas.
- En sesenta (**60**) hai **seis** decenas.
- En setenta (**70**) hai **sete** decenas.
- En oitenta (**80**) hai **oito** decenas.
- En noventa unidades (**90**) hai **nove** decenas.
- Cen unidades (**100**) son dez decenas, que forman unha **centena**.

5. Agora descompoña os números seguintes en decenas e unidades:

Número	Decenas	Unidades
75		
90		
95		
98		

6. Escriba o número anterior e o seguinte de cada número:

\_\_\_\_\_ 75 \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ 90 \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ 95 \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ 98 \_\_\_\_\_

7. Escriba o nome das cifras anteriores:

75 \_\_\_\_\_

90 \_\_\_\_\_


95 \_\_\_\_\_

98 \_\_\_\_\_

8. Complete a seguinte serie, con tres das cifras anteriores:

60 – 65 – 70 –  – 80 – 85 –  –  – 100

No seguinte gráfico podemos observar as porcentaxes de nenos e adultos vivos que tiñan o VIH no ano 2004, segundo datos de ONUSIDA e a OMS.



9. Cal das cifras anteriores é maior? Cal é menor?

10. Escriba tres números maiores de 23 e menores de 66.

11. Complete a seguinte táboa.

Número	Decenas	Unidades
	0	3
	0	8
	2	3
	6	6

12. Escriba os números seguintes con dúas decenas máis.

3	8	23	66

13. Escriba o nome dos seguintes números:

23 \_\_\_\_\_

66 \_\_\_\_\_

14. Que porcentaxe de persoas con virus da SIDA viven en Europa e América? Que porcentaxe desas persoas viven en África, Asia e Oceanía?
15. Sume as cantidades do exercicio anterior e comprobe que o total de persoas co virus da SIDA no mundo son o 100 %.
16. Realice as seguintes sumas:

$$\begin{array}{r}
 21 \\
 + 47 \\
 \hline
 \end{array}
 \quad
 \begin{array}{r}
 14 \\
 + 72 \\
 \hline
 \end{array}
 \quad
 \begin{array}{r}
 46 \\
 + 33 \\
 \hline
 \end{array}
 \quad
 \begin{array}{r}
 78 \\
 + 20 \\
 \hline
 \end{array}
 \quad
 \begin{array}{r}
 39 \\
 + 50 \\
 \hline
 \end{array}$$

Cando ao realizar unha suma superamos a decena, cómpre colocarmos esa cifra no lugar das decenas. Por exemplo:

$$\begin{array}{r} 1 \\ 28 \\ + 47 \\ \hline 75 \end{array} \quad 8+7 = 15 \text{ (decenas} = 1, \text{ unidades} = 5)$$

17. Realice as seguintes sumas:

$$\begin{array}{r} 45 \\ + 37 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 83 \\ + 17 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 46 \\ + 54 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 66 \\ + 25 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 50 \\ + 50 \\ \hline \end{array}$$



Cando resolvemos un problema debemos ter en conta:


- a. Comprender o que nos explican.
- b. Comprender o que nos preguntan.
- c. Decidir que operación debemos realizar.
- d. Realizar esa operación.
- e. Dar a resposta á pregunta que nos fixeron.

18. María ten o período cada 28 días. O último mes tivo a menstruación o 3 de maio. Que día lle virá a regra no próximo mes?
19. Paulo tivo o seu fillo con 29 anos. Cando o rapaz tiña 12, separouse da súa parella. Cantos anos tiña Paulo no momento da separación?

Para realizar sumas coa axuda da calculadora debemos escribir unha das cifras. Deseguido prememos o botón do signo +. Despois escribimos a segunda cifra e, por último, prememos o botón do =.

20. Comprobe os cálculos realizados nos problemas anteriores, usando a calculadora.

## LECTURA DE IMAXES: O TECLADO DUN ASCENSOR



Este é o aspecto que ten o teclado de moitos ascensores. Os botóns están repetidos á esquerda e á dereita.

1. Fixémonos nos botóns da esquerda. Se estamos no piso 4 e queremos baixar á planta baixa, que botón prememos? Que número ten ese mesmo botón no teclado da dereita?

2. E se queremos baixar ao soto? Que número ten ese botón no teclado da dereita?
  
3. Que quere dicir o aviso “8 persoas”? Poderían subir nove persoas con estes pesos:  
52, 62, 48, 70, 66, 74, 55, 63, 55
  
4. Os botóns que hai no centro son para abrir e pechar as portas. O primeiro, cos trianguliños ollando cara a dentro, serven para pechar as portas. O outro, cos trianguliños ollando cara a fóra, serve para as abrir. Así, por exemplo, se o ascensor está pechando as portas e vén unha persoa para collelo, que tecla premeremos?

## SEMANA 3: OS SERES VIVOS



### O MUNDO DOS SERES VIVOS

Dicimos que un ser ten vida porque nace, crece, se reproduce e morre.

Hai dúas clases de seres vivos: as plantas e os animais.

O lugar onde se desenvolve a súa vida, todo o que os rodea, chámase **medio**. Nos peixes, por exemplo, é a auga; nos animais terrestres, o medio fórmano o solo sobre o que viven e o aire que respiran.

Os seres vivos non están illados, teñen necesidade de relacionarse entre eles e co medio en que viven. As plantas, por exemplo, compiten entre elas por facerse cun espazo, pola luz e polo alimento. Do seu medio, que é o solo e o aire, toman auga, substancias minerais e osíxeno.

A **ecoloxía** refírese a todo isto: ao estudo das relacións dos seres vivos entre si e co seu medio.

## FALAMOS

Cando dicimos que cómpre respectar o medio, a que nos estamos a referir?

Cal é o medio do home?

A que nos referimos cando dicimos que unha persoa é moi ecoloxista?

## AGORA TÓCALLE A VOSTEDE

1. Escriba o nome de tres seres vivos.

---

2. Cal é o medio dun paxaro?

---

3. E dunha toupa?

---

A agricultura ecolóxica é totalmente natural; non utiliza fertilizantes químicos nin pesticidas.

## A ORDE ALFABÉTICA

Vimos:

**a – b – c – d – e – f – g – h – i – l – m – n**

Faltan:

Ñ O P Q R S T U V X Z

ñ o p q r s t u v x z

Ñ O P Q R S T U V X Z

1. Complete as letras que faltan:

ñ \_ \_ q \_ \_ t \_ \_ x \_

2. Escribaas agora en maiúsculas:

\_ \_ \_ \_ \_ \_ \_ \_ \_ \_

3. Clasifique as seguintes letras segundo vaian antes ou despois do ñ:

t , n , e , x , g , l , z , h , m , a , q

..... ñ .....

5. Ordene alfabeticamente os seguintes nomes:

*Carlos, Daniel, Pilar, Adolfo, Teresa, Luís, Quique, María, Oliva.*

1 \_\_\_\_\_ 5 \_\_\_\_\_ 8 \_\_\_\_\_  
2 \_\_\_\_\_ 6 \_\_\_\_\_ 9 \_\_\_\_\_  
3 \_\_\_\_\_ 7 \_\_\_\_\_ 10 \_\_\_\_\_

**Lembre:**

- Pomos punto ao final de cada oración.
- Para que haxa unha oración ten que haber unha idea completa.

**Fíxese:**

Se dicimos: *A cabra comeu todas as leitugas,*

estamos expresando unha idea completa. É unha oración.

Porén, se dicimos: *O moucho levaba un,*

non estamos a expresar unha idea completa: non é unha oración.



## AGORA VOSTEDE:

1. Poña unha raia por debaixo das que sexan oracións:

- *Pedro plantou leitugas na horta.*
- *Pedro na horta.*
- *Pedro plantou leitugas.*
  
- *O moucho levaba un rato.*
- *O moucho no seu pico.*
- *Naquel momento, o moucho.*

SUBLIÑAR é pór unha raia por debaixo.

2. Lea o seguinte texto:



## A TELEVISIÓN

En moitas casas sempre está posta a tele e iso dificulta moitas veces falar, porque todo o mundo está máis pendente do que ocorre na pantalla que do que lles pasa ás persoas que están ao seu carón.

Nos informativos danse moitas noticias doutros países ou de lugares onde os costumes son moi diferentes e apréndense moitas cousas, pero é importante non perder nunca de vista a realidade próxima.

3. Escriba vostede agora cinco oracións sobre a televisión. Poña un punto no final de cada unha delas.

---

---

---

---

---

## OS ECOSISTEMAS

Chamámoslle *ecosistema* ao conxunto formado polos seres vivos que habitan nun certo lugar, o medio en que viven e as relacións que se establecen entre eles.

Podemos falar dun ecosistema moi amplo, como o planeta Terra, ou falar de ecosistemas máis reducidos: un bosque, unha charca, un prado, un lago, etc.



O lugar que ocupan os seres vivos dentro do ecosistema chámase *biótomo*. Os elementos que o compoñen son o aire, a luz e a calor que proceden do sol, a auga e o solo.

Os seres vivos que habitan nun ecosistema non viven illados; forman comunidades que se

relacionan con outros seres e co medio en que viven. Estas comunidades chámanse *biocenoses*.

## FALAMOS

Trate de explicar coas súas palabras o que é un ecosistema.

Cre que unha praia é un ecosistema?

Trate de imaxinalo.

A calor é un dos elementos do biótomo: haberá un ecosistema parecido en Canarias e nos Pireneos?

## ESCRIBA

Como se chama o título da lectura?

---

Cales son os elementos do biótomo?

---

Que quere dicir que os seres vivos non están illados?

---

## A ORDE ALFABÉTICA



Queremos colocar os libros do andel por orde alfabética.

Que libro poremos en primeiro lugar?

---

E en segundo lugar?

---

Os tres últimos serán:

---

## VARIAMOS A ORDE DAS LETRAS

Fíxese:

Ás veces pronunciamos mal as palabras porque variamos a orde das letras.

Como se di, *Grabiel* ou *Gabriel*?

*Croqueta* ou *cocreta*?

*Grabiel* e *cocreta* son pronuncias e ortografías incorrectas.

PERO,

ás veces, se variamos a orde das letras obtemos palabras novas.

Observe a seguinte palabra:

CASA

Se cambiamos a orde das letras e comezamos por SA quedaríanos:

SACA

Formamos unha nova palabra con sentido.

## AGORA VOSTEDE

Coa palabra SABOR forme todas as combinacións posibles:

SABOR      SOBRA      .....      .....  
.....

Que palabras poden saír de BARCO?

.....

E de GOTA?

.....

Cando formamos palabras novas coas mesmas letras dunha palabra, dicimos que formamos *anagramas*. Así, son anagramas de **amor**: roma, ramo, Omar, mora e armo.

## INTENTAMOS MEMORIZAR

Trate de aprender de memoria o seguinte poema:

*Ben vin o gaio  
do corpo labrado  
na póla do pino delgado.*

*Ben vin o gaio  
do peito chorido  
na galla do pino brandido.*

...

*Ben vexo o gaio*

*do bico amaranto  
na maceira brava do camposanto.*

*Ben vexo o gaio  
co seu peteirar  
orballada de flores ceibar*

Fermín Bouza Brey

A memorización é unha boa técnica para manter áxil a mente. Neste caso, memorizar o poema é máis sinxelo porque en todas as estrofas se repiten palabras semellantes.

QUEN ESCRIBIU O POEMA?



Fermín Bouza Brey naceu en Pontearreas en 1901. Estudou Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, onde pasou a maior parte da súa vida. Durante a guerra civil de 1936 foi afastado do seu posto de xuíz.

Publicou na revista *Nós* e ingresou na Real Academia Galega no ano 1941. Morreu en 1973.




## COMO FUNCIONAN OS ECOSISTEMAS?

Todos os organismos dun ecosistema están relacionados nunha cadea alimentaria en que distinguimos catro niveis:

- O primeiro nivel, o dos **produtores**, está formado polas plantas verdes. Grazas á luz do sol transforman as substancias inorgánicas do solo en materia orgánica.
- O segundo nivel é o dos **consumidores herbívoros**, que se alimentan das plantas verdes.
- O terceiro nivel está formado polos **consumidores carnívoros**, que se alimentan dos herbívoros do nivel anterior.
- O cuarto nivel está constituído por organismos moi pequenos chamados **descompoñedores**, que descompoñen os restos dos outros seres vivos e devolven as substancias minerais ao solo.

Deste xeito, esas substancias son de novo aproveitadas polas plantas verdes e péchase así o ciclo que vemos deseguido:



Para que o número de seres vivos que habita nun ecosistema permaneza estable, cómpre que as súas

especies se controlen unhas a outras. A isto chámase **equilibrio ecolóxico**.


## FALAMOS

Que cre que pasaría se só houbo vexetais no noso planeta?

Que quere dicir que haxa relacións de dependencia entre os distintos niveis?

Cre que a contaminación altera o equilibrio ecolóxico?

Complete os ocos do cadro coas palabras correspondentes:



## ORTOGRAFÍA

### Lembre:

bra, bre, bri, bro, bru  
escríbense con **b**

Como se chama?

- Un país que é famoso polos seus entroidos:

-----

- Unha verdura parecida á coliflor:

\_\_\_\_\_

- Un vento lixeiro:

\_\_\_\_\_

- Un adorno de metal que se pon na solapa:

\_\_\_\_\_

- Algo parecido á néboa:

\_\_\_\_\_

## TRABALLAMOS COS NÚMEROS

As abellas son pequenos insectos que viven en grupos organizados ou colonias. Esas colonias viven nos ocos das árbores, nas pedras ou en colmeas que as persoas lles preparan. Das colmeas, aproveitamos o mel e a cera que as abellas producen. En cada colonia vive 1 raíña (femia fecunda), algúns abáboros (machos) e moitas obreiras (femias estériles). A raíña pode pór uns 3000 ovos cada día. Cando nace unha nova raíña ou hai un número moi grande de individuos vivindo na mesma colmea, un grupo sepárase e forma unha nova colonia ou enxame. Isto pode ocorrer 4 ou 5 veces por ano. Un novo enxame formado por 1000 individuos podería ter 1 raíña, 85 abáboros e 914 obreiras.

1. Busque e escriba todos os números que se citan no texto.

2. Escriba as cifras anteriores con palabras.

- 
- 
- 
- 
- 

Preste atención aos números 1000 e 3000. Están formados por catro cifras.

Lembre que unha **centena** está formada por cen unidades. En **200** unidades hai **dúas** centenas. En **300** unidades hai **tres** centenas. En **400** unidades hai **catro** centenas. En **500** unidades hai **cinco** centenas. En **600** unidades hai **seis** centenas. En **700** unidades hai **sete** centenas. En **800** unidades hai **oito** centenas. En **900** unidades hai **nove** centenas e en **1000** unidades hai 10 centenas, que son **un millar**.

3. Agora descompoña os números que aparecen na lectura en millares, centenas, decenas e unidades:

<i>NÚMERO</i>	<i>Millares</i>	<i>Centenas</i>	<i>Decenas</i>	<i>Unidades</i>
3000	3	0	0	0

4. Ordene de maior a menor os números atopados no texto.

5. Agora ordene de menor a maior os números anteriores.

6. Escriba agora un número maior e outro menor que cada número do texto.

<b>Menor</b>	<b>NÚMERO</b>	<b>Maior</b>

7. Escriba o signo = , > ou < , segundo corresponda, nos casos seguintes.

122 \_\_\_\_\_ 209

670 \_\_\_\_\_ 431

284 \_\_\_\_\_ 12

876 \_\_\_\_\_ 768

1000 \_\_\_\_\_ 241

304 \_\_\_\_\_ 304

496 \_\_\_\_\_ 505

989 \_\_\_\_\_ 1000

8. Complete a seguinte serie, de 50 en 50 números:

0 – 50 – 100 –  – 200 –  –  – 350 –  
400 –  –  –  – 600 –  – 750 –  
–  –  – 900 –  –

9. Lea outra vez o texto. Sume as abellas obreiras e os abáboros para saber cantos son en total no enxame do que se fala.

Un ecosistema é a comunidade dos seres vivos que se relacionan entre eles e que viven no mesmo medio. Todos os seres vivos que habitan nun bosque forman un ecosistema. Os animais aliméntanse de outros ou de distintos tipos de sementes, froitos e plantas. Por exemplo, nun bosque podemos achar os seguintes animais: o esquío, que come froitos das árbores; a lebre, que come



herba; o xabaril, que come raíces; e o cervo, que come herba. Todos eles son herbívoros. Tamén pode haber toupas, que comen insectos e vermes; gatos salvaxes, que comen pequenos animais; e lobos, que comen grandes animais. Todos eles son carnívoros. Deseguido temos unha táboa onde se resumen algúns datos relativos a estes animais.

<i>Animal</i>	<i>Lonxitude</i>	<i>Peso</i>	<i>Nº de crías</i>	<i>Anos de vida</i>
Esquíó	25 cm	1000 g	5	15
Lebre	65 cm	7000 g	3	10
Xabaril	160 cm	320 Kg	12	20
Cervo	210 cm	270 Kg	1	30
Toupa	15 cm	300 g	4	25
Gato salvaxe	85 cm	8500 g	6	30
Lobo	125 cm	65 Kg	7	18

10. Busque na táboa e escriba tres números con millares, tres números con centenas, tres con decenas e tres con unidades.

<b><i>Millares</i></b>			
<b><i>Centenas</i></b>			
<b><i>Decenas</i></b>			
<b><i>Unidades</i></b>			

11. Busque na táboa e escriba números que cumpran as seguintes condicións:

$$90 < \underline{\hspace{2cm}} < 200$$

$$1500 > \underline{\hspace{2cm}} > 900$$

$$298 < \underline{\hspace{2cm}} < 840$$

$$88 > \underline{\hspace{2cm}} > 68$$

12. Ordene as cifras da columna *Lonxitude* de maior a menor.
13. Ordene as cifras da columna *Peso* de menor a maior.

14. Complete a táboa seguinte.

NÚMERO	Millares	Centenas	Decenas	Unidades
	0	2	7	0
	7	0	0	0
	0	0	1	2
	1	0	0	0

15. Escriba as cifras obtidas no exercicio anterior con palabras.

- 
- 
- 
- 

16. Canto pesan un xabaril e un cervo xuntos?

17. Canto pesan un xabaril e un lobo xuntos?

18. Realice as seguintes sumas:

$$\begin{array}{r} 248 \\ + 333 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 467 \\ + 519 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 605 \\ + 185 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 327 \\ + 463 \\ \hline \end{array}$$

Cando, ao realizarmos unha suma, superamos a centena, cómpre colocarmos esa cifra no lugar das centenas. Por exemplo:

$$\begin{array}{r} \mathbf{1} \\ 590 \\ + 230 \\ \hline 820 \end{array} \quad (90+30 = \mathbf{120}) \quad (\text{centenas}=\mathbf{1}, \text{decenas}=\mathbf{2}, \text{unidades}=\mathbf{0})$$

19. Realice as seguintes sumas:

453	383	237	129
<u>+ 372</u>	<u>+ 149</u>	<u>+ 268</u>	<u>+ 596</u>

20. Nun bosque dun pobo galego hai 215 castiñeiros, 145 carballos, 280 piñeiros e 325 eucaliptos. Conteste:

a) Cantos castiñeiros e carballos hai no bosque?

b) Cantos piñeiros e eucaliptos hai no bosque?

c) Sume as dúas cifras obtidas nos apartados *a* e *b* para obter o número total das árbores do bosque.

21. Comprobe os cálculos realizados nos problemas anteriores: faga de novo as sumas coa calculadora.



## LEMOS IMAXES

Nos edificios, nas rúas, nos aparellos que usamos na casa, temos que ler constantemente imaxes e símbolos.

Este letreiro é dun hospital.



En que piso estamos?

Onde estará a cama 510, á dereita ou á esquerda?

Onde estará a cama 528?

Cantas camas hai á esquerda? E á dereita?

# REVISIÓN

LEMBRE

## POR QUE COMEMOS?

- **Comemos** por necesidade: para conseguir a enerxía necesaria para vivir.
- **Comemos** por pracer: gozamos saboreando a comida.
- Debemos **controlar** o que comemos: actualmente hai moitas persoas con problemas de obesidade.

1. Elixo o significado máis adecuado para a palabra **enerxía**:

1. Graza.
2. Forza.
3. Rapidez.

2. Complete as seguintes frases do texto coas palabras axeitadas:

*Comemos por ..... para conseguir enerxía para .....*

*Comemos por ..... saboreando a comida.*

*Cando non se controla a ..... podemos ter problemas de .....*



3. Gastamos máis enerxía segundo o tipo de actividade que facemos.

Quen cre que gasta máis enerxía?

- Unha labrega / unha médica.
- 

- Un avogado / un mineiro.
- 

- Unha deportista / un oficinista.
- 

Moitas veces, os nosos hábitos alimentarios son prexudiciais para a saúde.

O consumo excesivo de graxas animais e de alimentos conservados en sal pode producir problemas de hipertensión.

4. Que quere dicir *hipertensión*? Marque a resposta correcta cunha cruz.

1. Que ten a tensión alta.
2. Que ten a tensión baixa.

5. Que consellos cre que son correctos para unha boa alimentación? Poña “**si**” ou “**non**”.

- Establecer un horario de comidas.
- Comer moita carne de porco.
- Cociñar con manteiga.
- Alternar carne e peixe.
- Comer á base de bocadillos.
- Comer con pouco sal.
- Consumir máis verduras e froitas frescas.
- Comer, de cando en vez, lentellas, garavanzos, etc.
- Reducir o consumo de alcohol.

## A ORDE ALFABÉTICA

Acabamos de aprender a orde que seguen as letras en galego. Esta serie de letras ordenadas chámase **alfabeto** ou **abecedario**, e está formado por vinte e tres letras:

### **Minúsculas:**

a b c d e f g h i l m n ñ o p q r s t  
u v x z

### **Maiúsculas:**

A B C D E F G H I L M N Ñ O P  
Q R S T U V X Z

No galego actual úsanse tamén estas letras en palabras tomadas doutros idiomas: *j* (iota), *k* (ka), *w* (uve dobre) e *y* (y grego).

1. Ordene alfabeticamente os nomes dos seguintes peixes:  
*Bertorella, meiga, atún, pescada, sardiña, raia, cabracho, faneca.*

1 _____	4 _____	7 _____
2 _____	5 _____	8 _____
3 _____	6 _____	

2. Escriba o nome de seis verduras:

---

---

3. Póñaos, agora, por orde alfabética:

1 _____	4 _____
2 _____	5 _____
3 _____	6 _____

4. Escriba o abecedario con letras maiúsculas:

---

---

## LEMBRE

tra tre tri  
tro tru

tar ter tir  
tor tur

1. Complete coas sílabas que faltan:

.....tilla

ca.....ce

.....ceiro

.....enio

pin .....

.....tura

## NON TODAS SON ORACIÓNS

2. Poña unha raia por debaixo das que sexan **oracións**:

*Plantei unha árbore no meu xardín.*

*Comín tomate.*

*Sáíume un.*

*Nese momento, o señor.*

*Paseou comigo.*

*A muller na súa casa.*

## AGORA VOSTEDE

3. Escriba cinco oracións que teñan que ver coas comidas. Poña **un punto** no final de cada unha delas:

.....

.....

.....

.....

.....

## LEMBRE

- A sexualidade está presente nos nosos actos, nos nosos pensamentos e sentimentos, etc.
- Cada persoa vive a súa sexualidade segundo a súa idade, o seu sexo, as súas experiencias, a súa cultura, etc.
- Nas relacións sexuais compártese contacto físico, pracer e afecto.
- Poden ser **heterosexuais** ou **homosexuais**.
- Cada persoa ten dereito a vivir libremente a súa sexualidade.
- As doenzas que se poden transmitir por contacto sexual son moi contaxiosas, como a **sífilis** e a **gonorrea**. Na actualidade pódense curar. A **SIDA** contáxiase por contacto sexual e por contacto con sangue contaminado.

- Debemos usar preservativos en cualquier contacto sexual esporádico.

## CONTESTE

1. Se dicimos que a *sexualidade* era unha palabra **tabú** hai uns anos, que queremos dicir?

- Que se falaba libremente sobre ela.
- Que non se falaba dela.

## COMPLETE

2. Cando dicimos que alguén é *homosexual* queremos dicir que mantén relacións sexuais con alguén do .....

Cando dicimos que alguén é *heterosexual* queremos dicir que mantén relacións sexuais con alguén do .....

3. Que quere dicir que a sexualidade se debe vivir libremente?

- Que todo o mundo debe aterse a unhas normas.
- Que ninguén ten dereito a ser censurado.

Como pode contaxiarse a SIDA?

---

---

4. Para que se usan os preservativos?

---

---

## A ORDE ALFABÉTICA

### LEMBRE

Cando temos que ordenar palabras que empezan pola mesma letra, débémonos fixar na segunda.

1. Ordene alfabeticamente as seguintes palabras:

*Pastilla, pelota, plástico, protector, pus, pouso, piñeiro*

1 ..... 4 ..... 7 .....  
2 ..... 5 .....  
3 ..... 6 .....

2. Escriba cinco palabras que empecen por **b**.

.....  
.....

3. Escribaas, agora, por orde alfabética:

1 ..... ,    2 ..... ,    3 ..... ,  
4 ..... ,    5 .....

Os seres vivos nacen, medran, reproducense e morren.

O lugar en que se desenvolve a súa vida chámase **medio**.

O **ecosistema** está formado polos seres vivos, o medio e as relacións que se establecen entre eles.

O aire, a auga e o solo son os elementos do **biótomo**.

As comunidades dos seres vivos que habitan nun ecosistema chámanse **biocenose**.

Na cadea alimenticia existen catro niveis:

produtores, consumidores herbívoros, consumidores carnívoros e descompoñedores.

Ao control que unhas especies exercen sobre outras chámaselle **equilibrio ecolóxico**.

1. Escriba cal é o medio dunha balea.

-----

E o dun merlo?

-----

2. Poña un exemplo dun ecosistema.



---

3. Escriba os elementos que constitúen o biótomo

---

4. Complete:

O primeiro nivel da cadea alimentaria é o dos ..... Fórmano as ..... verdes.

O segundo nivel é o dos .....  
..... que se alimentan das plantas.

O terceiro está formado polos .....  
que se alimentan dos herbívoros.

O cuarto é o dos ..... que  
descompoñen os restos dos outros seres vivos.

LEMBRE

Bra, bre, bri, bro, bru  
escríbense con **b**.

PROCURE O QUE É

1. Membro do corpo humano que vai desde o ombreiro ata  
a man.

---

Cosmético que se usa para lle dar brillo ao cabelo.

---

Alguén que non ten intelixencia nin preparación.

---

# TRABALLAMOS COS NÚMEROS: REVISIÓN

1. Escriba os números pares do 50 ao 100:

50 - 52 - 54 - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ -  
\_\_\_\_\_- \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ -  
\_\_\_\_\_- \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ -  
\_\_\_\_\_- \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_

2. Agora escriba os números impares do 115 ao 165:

115 - 117 - 119 - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ -  
\_\_\_\_\_- \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ -  
\_\_\_\_\_- \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ -  
\_\_\_\_\_- \_\_\_\_\_

3. Unha alumna compra un bolígrafo verde, dous bolígrafos vermellos e catro azuis para o curso que empeza. Cantos bolígrafos comprou?



a) Realíceo mentalmente.

b) Coloque os números da suma horizontalmente:

$$1 + \underline{\quad\quad} + \underline{\quad\quad} = \underline{\quad\quad}$$

c) Coloque os números verticalmente:

$$\begin{array}{r} \dots\dots\dots \\ \dots\dots\dots + \\ \dots\dots\dots \\ \hline \dots\dots\dots \end{array}$$

f) Comprobe agora a suma coa súa calculadora.

4. Complete:

O símbolo \_\_\_\_\_ significa “maior que”, o símbolo \_\_\_\_\_ significa “menor que” e o símbolo \_\_\_\_\_ significa “igual a”.

5. Escriba o signo > ou < segundo corresponda.

28 \_\_\_\_\_ 42

75 \_\_\_\_\_ 91

17 \_\_\_\_\_ 65

43 \_\_\_\_\_ 80

38 \_\_\_\_\_ 13

6. Escriba tres números maiores de 378 e menores de 398.

7. Escriba o anterior e o seguinte de cada número.

\_\_\_\_\_ 9 \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ 57 \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ 603 \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ 999 \_\_\_\_\_

8. Escriba o nome das cifras seguintes:

8 \_\_\_\_\_

47 \_\_\_\_\_

153 \_\_\_\_\_

98 \_\_\_\_\_

1000 \_\_\_\_\_

526 \_\_\_\_\_

9. Agora descompoña os números anteriores en millares, centenas, decenas e unidades:

NÚMERO	Millares	Centenas	Decenas	Unidades
8				
47				
153				
98				
1000				
526				

10. Ordene de maior a menor os números anteriores:

11. Complete a seguinte serie, sumando 30 en cada paso:

$$\begin{array}{cccccc}
 60 - 90 - \square - \square - 180 - \square - \square - \\
 - 270 - \square - 330 - \square - \square - \square - \\
 - 450 - \square - \square - 540 - \square - \square
 \end{array}$$

12. Escriba os números seguintes con tres centenas máis e cinco decenas máis.

<b>4</b>	<b>36</b>	<b>145</b>	<b>607</b>

13. Nun colexio hai matriculados 32 alumnos en primeiro, 21 alumnos en segundo, 14 en terceiro e 22 en cuarto. Cantos alumnos estudan nese colexio?

14. Realice as seguintes sumas:

$$\begin{array}{ccccc}
 47 & 75 & 28 & 64 & 323 \\
 \hline
 + 51 & + 23 & + 40 & + 34 & + 154
 \end{array}$$

15. Para amoblar o seu salón, unha parella compra un sofá por 250 euros, un moble con andeis por 335 euros, unha mesa auxiliar por 60 euros, unha mesa de comedor por 175 euros e catro cadeiras por 160 euros.

a) Canto gastan na moblaxe do salón?



b) Comprobe os resultados coa calculadora.

16. Realice as seguintes sumas:

$$\begin{array}{r} 83 \\ + 17 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 46 \\ + 68 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 74 \\ + 59 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 66 \\ + 25 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 594 \\ + 507 \\ \hline \end{array}$$